

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACION CONCESION SUBVENCÍONS E AXUDAS PARA ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO ANO 2019

EXPEDIENTE:2020/G003/000502 (EN RELACION CON EXPDTE 2019/A002/000002)

ANTECEDENTES:

Vistas as bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do Concello de Cariño para o ano 2019, aprobadas mediante Decreto Alcaldía 488/2019, de 19/11/2019, e publicadas no BOP nº 221, de 20/11/2019 (Expdte 2019/A002/000002)

Visto o informe conxunto de secretaría e intervención de data 18/11/2019.

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados, informadas pola Instrutora do expediente, Sonia Fraguela Fernández, en data 31/03/2020.

Vista a acta da comisión de valoración de data 14/10/2020, e o informe de fiscalización de reparo suspensivo da Intervención municipal de data 05/11/2020, no que se indica que se incumpriron todos os prazos do procedemento, o que conlevou a que a proposta de adxudicación se retrasara casi un ano, e se pretendan aplicar para elo créditos do orzamento vixente, en contra dos artigos precedentes.

Visto que ó abeiro do disposto no artigo 216 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, dito reparo ten carácter suspensivo da tramitación do expediente ata que sexa solventado.

Visto que a tramitación do expediente se levou a cabo dentro dos prazos legais, agás a resolución das axudas, que quedaron retrasadas ata o primeiro trimestre do ano 2020 pola acumulación de tarefas. O informe da Instrutora do expediente data de 31/03/2020, e considerando a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, non foi posible tramitar a resolución do mesmo ata o momento actual.

Considerando, que segundo o informado pola Intervención municipal, existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 326-48000 do orzamento vixente por importe de 14.463 euros para facer fronte ás obrigas derivadas das subvencións incluídas nestas bases.

De conformidade co disposto na cláusula 6.6 das bases reguladoras e no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal



**CONCELLO
DE CARIÑO**



RESOLVO:

PRIMEIRO: En aras de non causar prexuízo ás asociacións e tendo en conta a xustificación indicada no parágrafo anterior, procédese ó levantamento do reparo suspensivo efectuado pola Intervención municipal en data 05/11/2020.

SEGUNDO: Conceder aos seguintes solicitantes as axudas que se citan a continuación, ao abeiro da convocatoria de subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do Concello de Cariño para o ano 2019, aprobadas mediante Decreto Alcaldía 488/2020, de 19/11/2019 e publicadas no BOP nº 221, de 20/11/2020:

ASOCIACIONES SOLICITANTES	PUNTACIONES	SOLICITADO	SUBVENCIONABLE
1ª Rondalla de Cariño	85	1.500,00 €	1.500,00 €
2ª Club do Mar de Cariño	65	1.517,78 €	1.500,00 €
3ª Asociación folklórica San Xiao do Trebo	40	1.500,00 €	1.500,00 €
4ª Asociación Coral Polifónica de Cariño	75	1.500,00 €	1.500,00 €
5ª Asociación española contra o cancro	35	3.800,00 €	1.200,00 €
6ª Club ciclista Cariño	55	1.872,15 €	1.500,00 €
7ª APROM	35	378,40 €	378,40 €
8ª Asociación de xubilados e pensionistas "O Faroleiro"	45	3.545,00 €	1.235,00 €
9ª ANPA A BASTEIRA	55	2.851,00 €	980,00 €
10ª Asociación musical Batería do Cariño	65	6.885,00 €	1.225,00 €
11ª Asociación terceira Idade San Antonio A Pedra	35	6.861,00 €	1.500,00 €
12ª Asociación cultural O Peiral	75	4.171,00 €	1.500,00 €

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



**CONCELLO
DE CARIÑO**



13ª ANPA BEIRAMAR	35	5.200,00 €	1.500,00 €
14ª Asociación cultural Danza de Arcos de Cariño	50	4.396,96 €	1.500,00 €
TOTAIS	750		

TERCEIRO: Denegar, de conformidade co informe técnico municipal, a axuda á asociación Danza de Arcos de Cariño xa que declara no apartado de ingresos unha subvención, da Deputación de A Coruña, por importe superior ós gastos totais da asociación, polo que se entende que lle corresponden cero euros. A base 14ª establece que en ningún caso o importe das axudas recibidas, tanto do Concello como doutra Administración, para a actividade subvencionada para esta convocatoria poderá ser superior ao custo.

CUARTO: Autorizar, dispoñer, recoñecer e ordear o pago con cargo á aplicación orzamentaria 326-48000 do orzamento vixente por importe de 14.463 euros.

QUINTO: Requirit, de conformidade coa cláusula 13.1 das bases reguladoras, aos beneficiarios para que, no prazo máximo de cinco (5) días hábiles, a contar dende a notificación do acordo de concesión, presenten pola sede electrónica municipal a seguinte documentación, coa advertencia ao interesado que en caso de que non proceda á xustificación no prazo indicado, non se procederá ao cobro da axuda:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. No caso de obtención doutras axudas, deberá presentarse copia da resolución ou acordo da concesión.
3. Un exemplar de todos os materiais elaborados, carteis, fotografías e demais material publicitario nos termos establecidos nas presentes bases.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

4. A xustificación dos gastos realizarase coa seguinte documentación:

- Relación detallada de xustificantes de gasto (Anexo IX das bases reguladoras), acompañado da seguinte documentación:

1. Para os gastos en bens e servizos: fotocopia compulsada das facturas correspondentes ou documentos substitutivos das mesmas, que cumpran os requisitos regulamentarios do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

2. Para os gastos de persoal: fotocopia compulsada das nóminas ou TC correspondentes.

Todos estes documentos xustificativos deberán estar datados e referirse ao exercicio 2019, así como axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicialmente presentado, xunto coa solicitude.

SEXTO: Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos electrónico e na páxina web municipal.

En Concello de Cariño, 6 de novembro de 2020

O Alcalde.- José M. Alonso Pumar

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)